



As axudas para material están recollidas na [ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 \(códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H\).](#)

SOLICITUDES

Prazo: ata o 21 de xuño de 2024 (incluído).

Documentación que hai que presentar:

- [Anexos I e II](#):
 - único para todos/as os/as fillos/as que estuden no mesmo centro educativo.
 - presentaranse por vía electrónica ou presencialmente no centro.
 - formulario dispoñible na páxina web do centro, no propio centro e na sede electrónica.
- **Separación ou divorcio**: sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- **Discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia**: Certificado do grao de discapacidade non expedido pola Administración autonómica.
- **Violencia de xénero**: acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- No caso de que o **pai e a nai** ou o **titor/titores carezan de DNI e NIE**: certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do Concello onde resida a familia.

REQUISITOS PARA PERCIBIR A AXUDA PARA MATERIAL

- Renda per cápita familiar¹ igual ou inferior a 6.000: 75€
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 e igual ou inferior a 10.000€: 60 €

¹Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividido entre o número de membros computables.

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2022, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- As persoas sen residencia fiscal en España no ano 2022 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditatorio. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos de todos os membros da unidade familiar.

- Nos casos de violencia de xénero non se incluírá ao agresor na solicitude e, polo tanto, non se terán en conta os seus ingresos para determinar a renda per cápita. Tampouco se terán en conta os ingresos do outro proxenitor nos casos de custodia exclusiva e os do proxenitor falecido.